

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de contratación das obras de humanización da rúa Camilo José Cela.

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Nº de expediente: 4.962-440.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras incluídas no proxecto de humanización da rúa Camilo José Cela no tramo comprendido entre as rúas Chano Piñeiro e A Coruña.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 7 meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 551.603,20 euros, IVE que soportará a Administración: 115.836,67 euros. Orzamento total: 667.439,87 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE, cando a oferta adxudicada fose cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada e fose xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante); teléfono: 986 810148; fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

CVE-DOG: jp9lv39-lfu6-ruc6-xf0-mt0zub7bk7k2



7. Requisitos específicos do contratista. a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: grupo G, subgrupo 6, categoría 3 e grupo E, subgrupo 1, categoría 3. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: grupo G (vías e pistas), subgrupo 6, categoría 2 e grupo E (hidráulicas), subgrupo 1, categoría 2.

8. Presentación de ofertas. Prazo: rematará aos 26 días seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a súa oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnica e económica. Entidade, domicilio e localidade: véxase o punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciarase no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións: _

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 19 de decembro de 2017

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: jp9lzv39-ftu6-ruc6-xf10-mt0zub7bk7k2

